

 EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO
CONCELLARÍA DE CULTURA

 DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMERA  Cultura

 Banda Sinfónica
Municipal de Ribadeo

 Asociación Amadores da Música



Aqui como en Viena

30 de decembro, 21:00h. Auditorio Hernan Naval

Sempre lle tiven moito agarimo ao concerto de nadal da Banda Municipal de Ribadeo (BMR). Primeiro porque foi o concerto no que, un 29 de decembro de 1995 (unha actuación marcada pola polémica por mor da contratación dunha orquestra especializada na música de Strauss, o que obrigara á Asoc. Amadores da Música a mudar o nome do concerto para transformalo nun "Como aquí nen en Viena"), debutei como músico de plantel da BMR e logo polo que ten de ousado.

"Aquí como en Viena" lle chamou no seu momento Hernán Naval, tentando trasladar a Ribadeo parte do espírito do concerto que cada aninovo ofrece a Filarmónica de Viena no Musikverein da capital austríaca. Sen roupa de gala no público, sen retransmisión para máis de medio cento de países e sen facelo cadrar co primeiro de xaneiro pero con moita ilusión e co desexo de que vostede que está sentada o pase o mellor posíbel. Nos programas da municipal ribadense non faltaron nin faltan os valeses (dos Strauss pero tamén houbo de Sibelius ou de Shostakovic), as polkas, as danzas ou os ritmos de nadal pero sobre todo nunca faltou un guiño ao noso xeito de entender as bandas de música. "Aquí como en Viena" pero ao noso xeito. Con música de cinema (dun clásico de Disney como é unha adaptación da banda sonora de "A Bela e a Besta" a unha dos grandes filmes da historia: "8 e medio" de Fellini con música de Nino Rota), a ritmo de blues ou con música creada de xeito específico para banda ("O ciclista feliz", de Ted Huggens, obra para banda e timbre de bicicleta). Pero sen esquecer os valeses (tamén de cine, Tom Cruise e Nicole Kidman bailaron con Shostakovitch no filme póstumo de Kubrick, "Eyes wide shut"), as danzas ou as palmas dunha marcha, a "Radetzky", creada para homenaxear a un mariscal que tiña na súa mente bombardear Milán. E sempre haberá sorpresas...

Así entendemos en Ribadeo a música para banda e así, coa nosa música, queremos desexarlles un Bo Nadal e un ventureiro aninovo.

Suso López é músico da BMR

Programa

Beauty and the Beast
Alan Menken

The Blues Factory
Jacob de Haan

La Passerella di Addio
Nino Rota

The Happy Cyclist
Ted Huggens

Danza Húngara nº 5
Johann Brahms

The Second Waltz
Dimitri Shostakovitch

Director: David Ballester Martínez